


LUCECUS  
TEATRO



pingüinos




# SINOPSE

Tres pingüíns viaxan nunha balsa, camiño da terra desexada, ao corazón de Europa, na procura dunha felicidade da que tanto escoitaron falar na súa terra tropical.

Para chegar ao seu obxectivo terán que pasar unha chea de aventuras por mar e terra baixo un sol ou un frío que abrasa ou conxela. A súa primeira parada será o cú de Europa, a porta de entrada, Galicia. Súbeste na nosa balsa? Remade compañeiras e compañeiros xa que a terra desexada non está lonxe.


Galicia - Brasil - mar - San Sebastián  
- Santander - Capbretón - París -  
La France - Reims - La Belgique -  
La Rochele - Reims -  
Alemaña



## PROCESO CREATIVO

Para a realización deste proxecto teatral a compañía apostou por un intenso traballo de documentación, a partir de imaxes e recortes de prensa. O espectáculo xurdiu a través dunha nova de prensa na que se falaba da morte de centos de pingüíns nas praias do Brasil, arrastrados polas mareas, confundidos pola calor tropical. A conexión coa emigración que chega dos países africanos así como do Oriente Medio a Europa resulta evidente, igual que a que existe coa nosa propia terra, Galicia sempre foi un pobo emigrante.

Logo da creación textual comezamos co proceso de creación partindo do clown así como do teatro físico. Xogamos a improvisar sobre un texto inicial e así é como finalmente chegamos a este resultado. Sen dúbida ningunha este espectáculo supón un paso adiante da compañía, mantendo o noso compromiso coa denuncia social. Nós tamén somos emigrantes.



Frío. Frío.  
Frío. Calor.  
Calor. Calor.

# COMPañÍA

Lucecús Teatro nace da confluencia de varios proxectos artísticos. Logo de moitos anos de traballo en diferentes colectivos teatrais de Lugo, tres vagalumes decidimos xuntarnos e dar un paso adiante coa máxima ilusión do mundo. Tres lucecús chamados Anxo Manoel, Isa Herrero e Rubén Pérez que teñen percorrido os escenarios de Galicia da man de grupos como Achádego, Palimoco ou Microefectos Dramatúrxicos. A compañía acaba de nacer co seu primeiro espectáculo A órbita do lucecú, recentemente estreado no FITO baixo a dirección de Marián Bañobre e Santiago Cortegoso. Logo desa fermosa experiencia decidimos apostar polos textos do poeta nacional Manuel María para levar a súa maxia a todos os recunchos de Galicia. Xa son máis de 70 as funcións realizadas pola compañía en pouco máis dun ano dende a súa creación. Con este espectáculo queremos achegarnos a unha faceta máis social da compañía e poñer o punto nun drama tan noso como o da emigración, baixo a atenta mirada do mundo do clown, fusión explosiva que promete emocións fortes.

É posible entrar en Europa polo cú de Europa?



# FICHA ARTÍSTICA

Dramaturxia e dirección: Rubén Pérez

Reparto: Anxo Manoel, Isa Herrero, Rubén Pérez.

Producción: Lucecús Teatro.

Escenografía: Iago Lamela.

Vestuario: Isa Herrero.

Fotografía e vídeo: Brian Rodríguez Cortiñas.

Deseño Gráfico: Isa Herrero.

Duración aproximada: 60 minutos

Remade meus  
amigos, a terra  
desexada está  
preto, remade  
e non paredes

Falta moito?  
Falta moito?

# NECESIDADES TÉCNICAS

Espectáculo adaptable a calquera espazo, tanto espazos pechados como abertos. No caso de realizarse na rúa é posible facer unha acción de rúa previa ao espectáculo polas rúas e prazas da cidade.

As medidas aconsellables para a correcta realización do espectáculo son as seguintes:

- Ancho óptimo: 6 m. (adaptable)
- Fondo óptimo: 4 m. (adaptable)
- Altura óptima: 6m.



# DISTRIBUCIÓN

Lucecús Teatro

Tel. 620 782 381 - 667 096 124


lucecusteatro@gmail.com

www.lucecusteatro.com

Teño fame



Xa che darán de comer ao chegar a Europa.



LUCECUS  
TEATRO 